


<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 64.- SPELO		
<i>Documento</i> CON10I1G6	<i>Expediente</i> CON/61/2016	<i>Fecha</i> 02-12-16 10:29



**Asunto**

Concesión de postos na nave número 5 do Mercado de Abastos de Santiago de Compostela

## **PREGO DE PRESCRIPCIÓN TÉCNICAS PARA A CONCESIÓN CONCESIÓN DE POSTOS NA NAVE NÚMERO 5 DO MERCADO DE ABASTOS DE SANTIAGO DE COMPOSTELA**

### **Obxecto:**

Constitúe o obxecto do presente prego a definición das condicións técnicas as que debe someterse a explotación dos postos emprazados na nave nº 5 do Mercado de Abastos de Santiago de Compostela.

A actividade comercial desta nave oríentase ao desenvolvemento do obxectivo de incorporar á Praza de Abastos modelos de negocio que tendo como punto de partida o produto local xa presente na Praza de Abastos contribúan a mellorar a experiencia da clientela da Praza, ofrecendo novas maneiras de consumir e incorporar o produto da Praza ás rutinas diarias de compra e consumo

De conformidade co establecido no prego de prescricións administrativas os postos adxudícanse en réxime de concesión administrativa polo prazo de 15 anos durante os cales os titulares terán dereito ao uso, disfrute e explotación dos mesmos, nos termos dos pregos de cláusulas, o Regulamento do Mercado de Abastos, o Regulamento de Servizos das Entidades Locais ,a normativa patrimonial das Administracións Públicas e as ordes do Concello.

### **Relación de postos e características dos mesmos:**

- Locais nº 2,3,10,11: dimensións de 9,03 m2 cada un.
- Locais nº 5: dimensións de 13,90 m2 cada un.
- Locais nº 4 e 9: dimensións de 18,75 m2 cada un.

Achégase plano da nave no que se contemplan os diferentes postos.

Todos os locais dispoñen de:

- Frontes en carpintería de madeira e persianas de aceiro inoxidable automáticas.
- Pavimento epoxi.
- Trasdosados en hidropanel e teito en pladur.
- Pintura en paramentos verticais epoxi y teito en silicato.
- Instalación eléctrica e iluminación.
- Instalación de saneamento e preinstalación de fontanería auga fría e quente.
- Cheminea de saída a teito para extracción de gases.

O concesionario , previa autorización do Concello , poderá realizar nos locais as obras de mellora, reforma ou acondicionamento que supoñan unha mellor imaxe ou funcionalidade dos mesmos, de feito para o efectivo inicio da actividade deben realizar os traballos de acondicionamento e equipamento interior que consideren preciso. Tales obras serán do seu



<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 64.- SPELO		
<i>Documento</i> CON10I1G6	<i>Expediente</i> CON/61/2016	<i>Fecha</i> 02-12-16 10:29

exclusivo cargo e reverterán ao Concello ao finalizar o prazo de concesión sen que o concesionario teña dereito a percibir compensación ningunha por este concepto.

### **Aforo, loxística e horario de apertura :**

Os concesionarios deberán tramitar as correspondentes licencias de funcionamento dos locais ante as diferentes administracións competentes e axustar a súa actividade ao establecido naquelas.

A apertura neste horario axustarase ao establecido na normativa de aplicación, rexendo actualmente a Orde da Consellería de Xustiza, Interior e Administración Local de 16 de xuño de 2005 pola que se determinan os horarios de apertura e peche de espectáculos e establecementos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia.

A apertura e peche en horarios especiais derivada da realización de eventos específicos deberá contar coa previa autorización municipal .

O concesionario pondrá todos os medios loxísticos para transportar os elementos e enseres precisos para o desenvolvemento da súa actividade, responsabilizándose de garantir a cadea de frío e o respecto á normativa de saúde pública que en cada momento sexa de aplicación.

Serán de conta do concesionario todos os materiais, subministros e utensilios de carácter operacional, servizo, cocina etc, necesarios para poder realizar as súas funcións nos termos do prego.

O concesionario deberá facerse cargo do custe dos subministros de auga, gas, electricidade , telecomunicacións etc.

O concesionario deberá desenvolver a súa actividade dentro do seu local.

Os titulares dos locais non poderán instalar elementos privados ( mesas, cadeiras, expositores, etc) nas zonas comúns sen a previa autorización municipal nin ocupar estas con mercadorías .

Será responsabilidade do concesionario manter o seu local en perfectas condicións de limpeza facéndose cargo do seu custo.

Con respecto á limpeza das zonas comúns estarase ao réxime establecido para todos os usuarios dos postos da nave seguindo as indicacións da empresa Mercado de Abastos de Santiago Sociedade Cooperativa Galega.

### **Oferta comercial:**

En atención ao ámbito espacial no que se emprazan os postos , o Mercado de Abastos, e o obxectivo da explotación dos locais todas as cartas de oferta de produto deberán estar

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 64.- SPELO		
<i>Documento</i> CON10I1G6	<i>Expediente</i> CON/61/2016	<i>Fecha</i> 02-12-16 10:29

redactadas como mínimo en lingua española e galega e recollerán os prezos de venda en euros co IVE correspondente.

Os concesionarios terán liberdade para definir os contidos das súas ofertas comerciais no marco dos pregos e da súa oferta.

### **Seguros:**

Os concesionarios deben concertar unha póliza de responsabilidade civil que cubra os **riscos** inherentes á actividade, así como un seguro de danos que cubre o continente e o contido correspondente ao seu local e estar ao corrente no pagamento das primas.

Ao inicio da actividade facilitará ao Concello as correspondentes pólizas e recibo de pagamento para a súa verificación e conformidade; sen este trámite non se poderá iniciar a actividade.

### **Réxime de uso:**

Axustarase ao establecido no Regulamento Municipal da Praza de Abastos aprobado por acordo plenario do 29 de xaneiro de 2006 ou normativa que o substituíra.

Esta norma regulará todos os aspectos relacionados co uso e explotación dos postos, dereitos e obrigas dos concesionarios e procedemento sancionador.

Santiago de Compostela, 2 de decembro de 2016

**A XEFE DE SERVIZO DE CONTRATACIÓN**

Asdo: Rocío Montañés Fernández

